



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN PARA REACTIVAR A COMISIÓN DE
INVESTIGACIÓN POLA PRESUNTA ACTUACIÓN ILÍCITA
DUN CONCELEIRO E PEDINDO RESPONSABILIDADES
POLA DESIDIA E DEIXACIÓN DO PRESIDENTE DA
COMISIÓN E DO GRUPO DE GOBERNO**

No Pleno Municipal celebrado o 29 de xaneiro de 2004 (hai un ano e dez meses), o Grupo Municipal do BNG de Teo presentou unha moción pedindo responsabilidades políticas pola actuación ilícita dun concelleiro membro da Comisión de Goberno, o Sr. Cajaraville, despois de recibir diversas queixas veciñais sobre a súa presunta actuación. Como consecuencia do debate aberto no Pleno acordouse, por unanimidade, a creación dunha Comisión de Investigación para clarexar este tema.

O 12 de febreiro de 2004 constituíase a Comisión de Investigación, quedando presidida por D. José Vázquez Pallas e actuando coma secretario o secretario da Corporación. Nesta primeira reunión acordouse unha nova convocatoria para o luns seguinte, día 16 de febreiro, co obxecto de discutir o plan de traballo da Comisión.

Na nova reunión o BNG presentou un plan de traballo que, unha vez discutido, foi aprobado por unanimidade na comisión, e que establecía:

- Comprobar a titularidade das fincas, a súa situación e localización, para o cal era necesario solicitar:
 - Unha relación catastral actualizada de propiedades municipais rústicas e de masas comúns
 - A cartografía catastral dixitalizada rústica (ortofotos) que permitira determinar o estado actual e anterior das fincas (nos que se podería determinar se fora talada algunha das fincas municipais)
- Solicitar a documentación que acreditase ou determinase a localización, extensión e estado das fincas de propiedade municipal e masas comúns que, sendo de propiedade municipal con anterioridade, pasaran a propiedade particular por medio da concentración parcelaria
- Unha vez obtida esa documentación, que as distintas forzas políticas fixeran as propostas de comparecencia que considerasen oportunas para clarificar a situación.

Pois ben, despois deste acordo, os membros da comisión só puidemos acceder á relación de fincas que a concentración concedera ao Concello (e as masas comúns) e aos respectivos planos.

Con respecto ao resto da documentación, básica para determinar a perda patrimonial e a localización e propiedade das fincas cuestionadas, o único que recibimos foi un escrito asinado polo Secretario municipal o 5 de marzo de 2004 que dicía textualmente:

Pola presente comunícolle que se teñen solicitado as ortofotos e maillos levantamentos topográficos de Concentración parcelaria das zonas de Bamonde e Reis requeridos pola comisión, obrando xa no expediente que se atopa ao seu dispor, copia dos planos catastrais que interesan e copia do inventario de bens (refírese ás propiedades actuais do Concello)

Nunca máis se soubo. Nin ortofotos, nin levantamentos topográficos, nin relación de fincas que foran propiedade municipal e pasaran a mans privadas. Nesta situación, sen poder dispoñer dos documentos básicos necesarios para poder valorar o acontecido, o BNG opúxose a calquera intento de volver reunir a comisión (sin nada que poder valorar nin que facer).

Temos a seguridade de que as xestións realizadas polo presidente da Comisión e polo grupo de Goberno foron nulas, pois o BNG de Teo, unha vez pasado un ano dende a denuncia e sen poder contar coa documentación solicitada, iniciou xestións persoais dos concelleiros co servizo catastral para conseguir eses documentos e, ¡sorpresa!, non resultaba tan difícil conseguilos.

Hoxe, gracias ás xestións do BNG e a pagar persoalmente toda a documentación solicitada (que o catastro ofrece gratuitamente ás institucións públicas) , podemos contar coas ortofotos solicitadas e determinar, xa sen ningunha dúbida, que se produciu un roubo das propiedades municipais.

Este feito deixa en evidencia a falta de interese, a desidia e deixación do presidente da Comisión e do grupo de goberno que non fixo nada do que debía facer para conseguir a documentación que permitise determinar se o Concello perdera ou non propiedade e quen fora o autor ou os autores do delicto. Consecuentemente, débense pedir responsabilidades políticas.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Solicitar a dimisión do presidente da Comisión, pola falta de vontade ou a incompetencia para conseguir os documentos solicitados pola comisión
2. Acordar a reprobación do grupo de goberno e censurar o seu desinterese ou obstaculización do traballo da comisión, non efectivizando os acordos tomados nela.
3. Pedir a inmediata convocatoria da Comisión de investigación para proseguir co procedemento aprobado no plan de traballo

En Teo, a 9 de novembro de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO